


Estatutos

da Asociación de Discapacitados Activos

A XANELA



ASOCIACIÓN DISCAPACITADOS ACTIVOS

Rúa a XANELA, s/n - 15320 AS PONTES

TEL./FAX 981 452416 - EMAIL: AXANELA@COGAMI.GAL

“A XANELA”



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

ARTIGO I DENOMINACIÓN

Ó amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais legislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes Estatutos, rexerase a entidade denominada Asociación de Discapacitados Activos “A Xanelas”, de agora en diante “A Xanelas”.

A Xanelas é o resultado da libre vontade dos seus socios, ostentando a súa representación no ámbito comarcal.

ARTIGO II PERSONALIDADE

A Xanelas ten personalidade xurídica propia e independente da dos seus socios, e conforme ó artigo 35 e seguinte do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas Leis.

ARTIGO III DOMICILIO

O enderezo social da Xanelas, a efectos legais, queda establecido en rúa A Xanelas, s/n C.P. 15320 As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir asemade aertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuacións, e de cantos lugares considere adecuados para o normal desenvolvemento da Xanelas. O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

ARTIGO IV DURACIÓN E ÁMBITO

A Xanelas constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.

O ámbito territorial da Xanelas está constituído polo Concello das Pontes de García Rodríguez e a súa comarca, con todo, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá modificarlo mesmo, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con discapacidade.

Ademais, poderá pertencer e actuar con outras organizacións de ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.

ARTIGO V FINS

É misión da Xanelas promover e coordina-la defensa dos dereitos das persoas con discapacidade cara a súa plena integración, có fin de conquetar a máxima atención social á problemática que representan, e á súa integración na sociedade, onde a muller discapacitada ocupa un lugar preferente.

Os fins principais da Xanelas son:

- Defende-la dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
- Promove-la plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- Crea-las condicións para que os socios podan cumplir axeitadamente a misión.
- Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
- Participar na orientación, coordinación e impulso do movemento asociativo no que esté integrado A Xanelas con criterios de solidariedade.



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

- Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
- Representa-los seus socios no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional.
- Desenvolver estratexias solidarias para que se podan acadar equilibrios interterritoriais en calidad e servicios.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da muller.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención da infancia e a xuventude.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención das persoas maiores.
- Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social
- Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
- Promover en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
- Promover e poñer en funcionamiento todo tipo de programas culturais, educativos e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
- Promover e poñer en funcionamiento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poda contribuir ó cumprimento da misión da Xanela ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

ARTIGO VI PRINCIPIOS E VALORES

A Xanela definease como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, non partidista, non gobernamental, de carácter voluntario, e poderá solicitar a súa declaración de Utilidade Pública.

A Xanela basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- ❖ Democracia interna.
- ❖ Solidariedade entre os seus membros.
- ❖ Transparencia na xestión e actuación da entidade e os seus socios.
- ❖ Defensa das necesidades sociais por enriba de intereses particulares.
- ❖ Desbotar protagonismos e actitudes competitivas.
- ❖ A defensa do colectivo como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas e assistenciais.

ARTIGO VII MEDIOS

Para o cumplimento da misión e dos fins, A Xanela poderá:

- a) Organiza-los servicios necesarios de investigación, estudio, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar todos los medios lícitos de información, formación, e difusión para dar a coñecer-los problemas das persoas con discapacidade e o seu entorno.
- c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que podan ser de utilidade para acadar os fins da Xanela.
- d) Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento associativo.
- e) Promove-lo voluntariado e a súa formación para o cumplimento dos seus fins sociais.
- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostento económico do movemento associativo.



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

- g) A integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais, profesionais, e residenciais vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro que teña unha tipoloxía autorizada por lei; na que primen a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme á legislación vixente.
- h) A promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos demais traballadores, conforme á lexislación vixente en todos os casos.
- i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.



CAPÍTULO II DOS SOCIOS

ARTIGO VIII SOCIOS

A Xanelas constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presentes Estatutos, todas as persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins da Xanelas na defensa da plena integración das persoas con discapacidade.

ARTIGO IX TIPOS DE SOCIOS

A Xanelas terá as seguintes clases de socios:

- ◆ As persoas con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do derecho.
- ◆ As persoas con discapacidade menores de idade, non emancipadas de máis de catorce, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus pais ou tutores.
- ◆ Os pais, tutores ou representantes legais en representación dos menores de idade ou incapaces.
- ◆ Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade.

ARTIGO X SOCIOS DE HONRA E COLABORADORES

A Xanelas poderá ter Presidente de Honra.

Asemade, poderán ser nomeados socios de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins da Xanelas e do colectivo que representa. Os socios de honra non estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos presentes Estatutos, nin serán titulares de dereitos ás súa asistencia á Asamblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto. Os colaboradores serán todas aquellas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada coa Xanelas mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. Os colaboradores non son titulares de obrigas nin dereitos.

ARTIGO XI INGRESOS E BAIXAS

O ingreso na Xanelas como socio da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá ser resolto sen a audiencia da parte interesada.



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

ARTIGO XII PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

O procedemento de admisión dos socios será mediante solicitude escrita ou comunicación interesada dirixida ó Presidente.

ARTIGO XIII NÚMERO DE SOCIOS

Non se establece un número máximo de socios da Xanela.

ARTIGO XIV DEBERES

- 1.- Actuar de maneira acorde cós valores da Xanela e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
- 2.- Acata-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Xanela.
- 3.- Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4.- Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
- 5.- Contribuir ó sostemento da Xanela, aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- 6.- Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida na Xanela.
- 7.- Cumprí-lo resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

ARTIGO XV DEREITOS

- a) A participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, a exerce-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cós Estatutos.
- b) A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola Xanela, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- d) Utiliza-los servicios de toda índole que se crean na Xanela.
- e) A acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos persoais.
- f) A ser apoiadoss pola Xanela nas iniciativas que se crean oportunas.
- g) A impugna-los acordos dos órganos da Asociación que estíne contrarios á Lei ou ós Estatutos.
- h) A ter copia destes Estatutos.
- i) A recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- j) A ser oido con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el; a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.

ARTIGO XVI RÉXIME DISCIPLINARIO

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral da Xanela establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que podan imponerse ós socios que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.



G-15-224.330
s/n 15320 ASPONTE (A CORUÑA)

Tamén

Carmen

Mercedes

Maria

Manuela

António

Manuela

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

ARTIGO XVII PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO

Poderá perderse a condición de socio da Xanela por:

- a) Decisión voluntaria, manifestada por escrito.
- b) Por causa ou disposición legal.

c) Por expulsión, a causa de:

- ◆ Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
- ◆ Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno.
- ◆ Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses da Xanela.
- ◆ Non poñer a disposición da Xanela a información ou documentación requirida polos órganos de goberno.
- ◆ Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de socio.

A expulsión como socio da Xanela só poderá producirse previa audiencia do interesado e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral levando órgano:

1. Asemblea Xeral.
2. Xunta Directiva.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO XVIII ÓRGANOS DE GOBERNO



Rúa Alfonso Molina s/n, 15320 A Coruña

G-15.224.330

ARTIGO XIX ASAMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da Xanela e estará integrada por:

- ◆ Os socios da Xanela con voz e voto.
- ◆ Tódalas persoas composteñentes da Xunta Directiva da Asociación. O Presidente e o Secretario da Xunta Directiva serán no da Asemblea Xeral.

ARTIGO XX DELEGACIÓN

A asistencia e participación na Asemblea Xeral son indelegables, agás que unha Asemblea Extraordinaria convocada ó efecto, estableza un réxime distinto.

ARTIGO XXI PARTICIPACIÓN NA ASAMBLEA

- ◆ Tódolos socios da Xanela terán derecho a voz e voto.
- ◆ Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directamente, ou indirectamente, mediante o seu cónxuge ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con centros especiais de emprego de ánimo de lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que puidese dar lugar a un conflito de intereses.



Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e os títulos de invitados, todas aquelas persoas que se consideren podan aportar xúzios ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.



SONS

ARTIGO XXII FUNCIÓN DA ASAMBLEA XERAL

G-15.224.330
Rúa Alfonso I, 15320 AS PONTES (A Coruña)



1. Coñecer e aproba-los plans de actuación da Xanela.
2. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Asemade, examinar e, no seu caso, aproba-lo balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboa-los diversos socios.
4. Examinar e, no seu caso, aproba-la memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
5. Establecer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na orde do día ou que se susciten co apoio dos dous terzos dos votos presentes.
7. Aproba-la modificación de Estatutos.
8. Ratifica-la expulsión de socios da Xanela.
9. Ratifica-la composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferencia ou discrepancia que xurda entre un ou más socios e calquera órgano da Xanela, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos da Xanela.
11. Acorda-la disolución da Xanela.

ARTIGO XXIII CLASES DE ASAMBLEA E CONVOCATORIA

A Asemblea Xeral reunírase ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 25% dos socios da Xanela. Neste caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluirse todos os asuntos propostos polo 25% dos socios que solicitaran a Asemblea. A convocatoria comunicarase ós socios da Xanela cunha antelación mínima de quince días, por correo ordinario.

ARTIGO XXIV ACORDOS DA ASAMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un dos seus socios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá mediar, como mínimo, media hora. Os acordos adoptaranse por maioria de votos. Os acordos relativos á disposición ou alleamento de bens immobles, modificación de estatutos e disolución da Xanela, requirirán a celebración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar subscrita polo Secretario e o Presidente.

As certificacions de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa firma do Secretario e o visto bo do Presidente.

Sander
C. G. L.
M. M. M.
J. M. M.
H. S. L.
J. C. L.
H. S. L.
J. C. L.

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

ARTIGO XXV XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación da Xanela.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- ◆ Presidente/a
- ◆ Vicepresidente/a
- ◆ Secretario/a
- ◆ Tesoureiro/a
- ◆ Vocais, nun número nunca inferior a catro

Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socio. Asemade deberán cumplir os requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, o Presidente poderá exercer un voto de calidade.

ARTIGO XXVII DURACION DA XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, goberno e administración da Xanela. Estará integrada por un máximo de 15 (quince) e un mínimo de 8 (oito) membros, escollidos pola Asemblea Xeral, libre e secretamente.

A Xunta Directiva escollerase pola Asemblea Xeral, durando os cargos un período de catro anos, áinda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. O persoal de secretaría, se existise, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente unha Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrillas vacantes producidas.

Mentres o numero de baixas non sexa inferior á metade mais un, os membros cesantes, serán substituídos na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Asociación Discapacitados Activos “A XANELA”
Causas de cese dos membros que componfan a Xunta Directiva son:

- Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- Por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- Por expiración do mandato.

ARTIGO XXVIII FUNCIONS DA XUNTA DIRECTIVA

Rúa Alfonso XII, 15620 ASPONTE (A Coruña)

G-15.224.330



ASOCIACIÓN DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”

Corresponde á Xunta Directiva:

1. Executa-la política da Xanela e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
2. Administra-lo patrimonio da Xanela.
3. Decidir sobre a realización de programas que vaián a ser executados ou coordinados dende a Xanela.
4. Admitir ós socios que soliciten a admisión na Xanela e acorda-la suspensión temporal dos dereitos dun socio.
5. Determina-la orde do día da Asemblea Xeral.
6. Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzcan na Xunta Directiva.
7. Nomear Presidente e socios de honra, así como admiti-los colaboradores.
8. Facultar, por medio de poderes, ás persoas que estime axeitadas.
9. Preparar cants documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
10. Exportar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Xanela e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
11. En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da Xanela dos que deberá dar conta á Asemblea.



12. Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que podan existir entre os socios da Xanela. Esta actuación poderá ser efectuada por sí ou por delegación, designando unha de Presidencia, comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.

Interpreta-los presentes Estatutos.



ARTIGO XXIX FUNCIONAMENTO DA XUNTA DIRECTIVA

*G-15-2224-330
S/rga 15/20 AS PROTEGE*
A Xunta Directiva reunirse, polo menos, unha vez cada trimestre ou cando o decida o seu Presidente por petición do 20% dos seus componentes.

Delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade. A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita polo Presidente da Xunta Directiva ou persoas en que delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá ó Presidente, a proposta do Secretario, quen terá en conta, no seu caso, as peticionis dos demais membros. Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou o Presidente poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesores.

ARTIGO XXX COMISIÓN PERMANENTE

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer diariamente e de maneira máis ágil o goberno da Xanela. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

ARTIGO XXXI PRESIDENTE

Son funcións do Presidente:


1. Representar oficialmente á Xanela.
2. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
3. Nomear a calquera persoa como asesor, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obliga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presencia de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma Extraordinarias.
5. Ordear pagamentos con cargo os fondos da Xanela. Leva-la sinatura social conxuntamente co Secretario ou o Tesoureiro.
6. A retirada dos fondos da Xanela depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.
7. Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subscrebir contratos en nome da Xanela, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e oportunidades diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herbanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interesse os fins da Xanela.
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da Xanela.
11. Calquera outra de interese para a execución dos Estatutos.

ARTIGO XXXII VICEPRESIDENTE

O Vicepresidente substituirá temporalmente ó Presidente nos casos de ausencia ou enfermidade. Asemade poderá asumir todas aquellas funcións do Presidente que este delegue expresamente nel.



No caso de substitución definitiva, esta sería os efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para un período de tres meses.



S/ 15320 AS PRAES (A Coruña) Rúa Avelaide, 330 G-15.224.330

ARTIGO XXXIII SECRETARIO

- ◆ As funcións do Secretario son:
 - ◆ Custodiar os libros, documentos e selo da Xanela, excepto os libros de contabilidade.
 - ◆ Leva-lo libro de rexistro de socios.
 - ◆ Redacta-las actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
 - ◆ Librar certificacións con referencia ós libros e documentos da Xanela c'ó visto e prace do Presidente.
 - ◆ Constituir e retira-los depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
 - ◆ Prepara-los puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais.
 - ◆ Responsabilizarse, xunto co Presidente, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da Xanela.
 - ◆ A organización dos servicios técnicos da Xanela.
 - ◆ Impulso e control do funcionamento da Xanela.
 - ◆ A representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación do Presidente.
 - ◆ Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, da Xanela.

ARTIGO XXXIV TESOREIRO

As funcións do Tesoureiro son:

1. Custodiar e levar libros de contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se podan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da Xanela.
3. Custodia-los fondos da Xanela, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos da Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolo da Xanela. Para dispor dos fondos da Xanela, necesitará da sinatura do Presidente.
4. Farase cargo das cantidades que se ingresen na Xanela, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituir e retirar os depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
6. Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
7. Cobrará as cotas dos socios.
8. Solicitará subvencións oficiais, públicas ou non, que as que acorden periodicamente.

ARTIGO XXXV VOCAIS

As funcións dos vocais son:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
2. Ostenta-la representación da Xunta Directiva nas comisións que se podan formar para cumplir os fins que marcan os Estatutos.

CAPÍTULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

(Handwritten signatures of various members of the association)

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS “A XANELA”



ARTIGO XXXVI

IMPUGNACIONES



G-15-224330 impugnacóns que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da Xanelas, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestión relacionadas coa propia convocatoria ou competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que o Presidente estime a existencia de errores ou vicios que podan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltos ó comezo da reunión.

Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaren expresamente o seu voto. Sen prexuízo das impugnacóns, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

ARTIGO XXXVII

RECURSOS

Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnación poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.

A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnación de acordos da Xunta Directiva acreditáranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determina.

CAPÍTULO V

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

ARTIGO XXXVIII

RECURSOS ECONÓMICOS

A Asociación no momento de iniciar-las súas actividades non dispón de patrimonio propio

Para atender ós seus fins, a Xanelas contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan os socios.
2. As subvencións, doazóns, legados e herdanças que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, móbiles e inmóveis.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional da Xanelas é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros.

Por cada exercicio económico, que coincidirá co ano natural, formarase o orzamento ordinario de ingresos e gastos, con acatamento ás normas contidas nos presentes Estatutos.

ARTIGO XXXIX

PAGO DE COTAS

As cotas deberán ser aboadas no prazo que se habilite para tal efecto.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os socios que sen causa xustificada non aboaran as cotas.

A falta de pagamento persistente das cotas poderá ser causa de expulsión.

Asemade, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensa-lo pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á immediaata Asemblea Xeral que se celebre.

Santos

Ortega

Marcos

José Larela



CAPÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

ARTIGO XL

PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN

Os Estatutos da Xanela só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral por decisión da Xunta Directiva ou a proposta da maioria dos socios, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva. O acordo da Asemblea Xeral deberá ser adoptado por maioría dos dous terzos dos socios presentes e representados.

CAPÍTULO VII

DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

ARTIGO XLI

DISOLUCIÓN

A Xanela poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- ◆ Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- ◆ Por sentenza xudicial firme.
- ◆ Por vontade dos dous terzos dos socios manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto.

ARTIGO XLII

COMISIÓN LIQUIDADORA

Acordada a disolución da Xanela pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva constituída en comisión liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio da Xanela. A Xunta Directiva poderá delegala súa función en tres ou máis comisarios escollidos pola mesma entre os socios.

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que titúa con anterioridade ó acordo da disolución.

ARTIGO XLIII

DESTINO DOS BENS RESULTANTES

No caso de disolución definitiva liquidadas tódalas obrigas pendentes que sexan da Xanela, o sobrante de fondos que resultase pasarán a formar parte do patrimonio da Confederación Galega de Minusválidos (CoGaMi) que poderá ceder en uso a aquelas entidades sen ánimo de lucro de persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma Galega que defendan os principios fundamentais destes Estatutos.



DILIXENCIA

Os presentes Estatutos están redactados segundo á Lei Orgánica 1/2002 e o acordado na Asemblea Extraordinaria celebrada o dia 14 de setembro do dous mil vinte.

A Secretaria,

Vº e Rende O Presidente,

**INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN
ASOCIACIÓN Nº 2233-1^a**

Inscrita a la modificación por resolución do ... de ... de ...
soamente para os efectos de publicidade de
conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo
16 da L.O. 1/2002

O/a responsable da Resolución



G-15.224.330

Rúa Alfonso Arias, 15

15320 AS PONTES (A Coruña)

